



DEPUTACIÓN OURENSE  
PRESIDENCIA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REGISTRO XERAL	
- 7 SET 2017	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 14357

En contestación á petición de data 4 de setembro en relación coas obras previstas no Concello de Piñor, incluídas no plan provincial de 2017, na que solicita copia do proxecto en CD, achégolle copia da documentación solicitada.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 7 setembro de 2017

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco.

FRANCISCO JOSÉ FRAGA CIVEIRA, deputado provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo de PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.